Tocar esquemáticamente nun instrumento polifónico as fórmulas harmónicas máis características das obras analizadas.

#### **-Obxectivos non acadados**

Ningún

#### **6.2.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro**

A organización dos horarios.

A conta persoal de Dropbox foi moi útil para a xestión das fotocopias dos exames.

O novo sistema de aparcamento facilita enormemente o uso do parking.

A comunicación co equipo directivo a través do email é moi axil e axuda moito para a planificación didáctica.

Dispoñer dun proxector na aula e dun piano electrónico posibilitan unhas clases de Análise e de Harmonía mais dinámicas.

A renovación de varios ordenadores na aula de novas tecnoloxías.



#### **6.2.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro**

Baixa, na medida do posible a ratio en Harmonía. 8 alumnos é unha ratio aceptable, 6 alumnos sería o ideal. Sabemos que é utópico pero sería o ideal.

A conectividade WIFI na aula C11.

Buscar algunha solución (dentro do posible) para a aireación da aula de novas tecnoloxías.

#### **6.2.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento**

Non houbo.



## 6.3 Departamento de Conxunto

### 6.3.1 Datos do alumnado

#### -Alumnado total do departamento

596 alumnos/as

#### -Alumnado por materia

Música de Cámara: 87

Conxunto: 154

40 alumnos/as de conxunto de piano

13 alumnos/as de conxunto de guitarra

17 alumnos/as de conxunto de vento metal

2 alumnos/as de conxunto de vento madeira

13 alumnos/as de conxunto de clarinete

11 alumnos/as conxunto de frauta

10 alumnos/as de conxunto de saxofón

19 alumnos/as conxunto de Gaita

13 alumnos/as conxunto de corda 1º GP

16 alumnos/as conxunto de corda 2º GP

Coro: 102

53 alumnos/as Coro I

49 alumnos/as Coro II

Destes 49 alumnos e alumnas, 9 non asistiron a clase durante todo o curso, por diferentes razóns nunca documentadas nin nalgúns casos xustificadas correctamente.



Un alumno deixou de asistir por cuestións laborais a partir de xaneiro e outra alumna deixou a materia no mes de abril.

Este alumnado suma un total de 11 plazas. Polo tanto o alumnado final suma unha cantidade de 38 (Elvira Rodríguez. Profesora do Coro II).

Orquestra: 102

42 alumnos/as Orquestra Junior

60 alumnos/as Orquestra Senior

Banda: 151

64 alumnos/as Banda Junior

56 alumnos/as Banda Senior

31 alumnos/as Banda E

### 6.3.2 Obxectivos do profesorado para o curso

Formar una orquestra con posibilidade de acceder a repertorio sinfónico.

Fomentar no alumnado un interese pola materia de grupo.

Buscar estratexias para que o alumnado estude o repertorio.

Desenvolver o equilibrio psicológico necesario para integrarse de forma absoluta no conxunto e no traballo de equipo.

Ser consciente da importancia que teñen as normas e regras que rexen a actividade musical de conxunto, e aceptar a responsabilidade que, como membro dun grupo, se contrae coa música e cos compañeiros/as.

Interpretar en público o repertorio traballado. (J. Carlos Díaz. Profesor da Orquestra Senior).



### **-Obxectivos acadados**

Afondar no coñecemento dos estilos e dos recursos interpretativos de cada un deles.

Dominar o propio instrumento de acordo coas exigencias de cada obra.

Respectar as normas que exige toda actuación en grupo e valorar a interpretación en conxunto como un aspecto fundamental da formación musical.

Aplicar a audición polifónica para escoitar simultaneamente as partes ao mesmo tempo que se executa a propia, demostrando sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.

Utilizar unha ampla e variada gama sonora, de xeito que o axuste do son se realice en función dos demais instrumentos do conxunto e das necesidades interpretativas da obra.

Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.

Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista.

Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.

Coñecer e realizar os xestos básicos que permitan a interpretación coordinada.

Interpretar obras representativas do repertorio do conxunto instrumental de dificultade axeitada ao nivel. (Iván Abal. Profesor de Conxunto de Gaita)

Os alumnos tiveron un bo seguimento durante o curso en canto ao traballo realizado e un axeitado rendimento, completando en su totalidade o 100% da programación establecida. (Oscar Rodríguez. Profesor de Música de Cámara).

Mostrar o traballo de aula nunha audición pública externa: Auditorio do Concello de Vigo o 30 de marzo de 2017 Costas Castro, Ángel (Trompeta 5ºGP) , Valiente Carrascosa, Andrés (Trompa 6ºGP), Vidal Pérez, Gabriel (Trombón 5ºGP) -



Ducommun, S.-Pequeno concerto: Bourre, Marcha, Quo-dlibet.

Mostrar o traballo de aula nas audicións trimestrais do Centro.

Avaliar e modificar as programacións didácticas.

Participación do alumnado nos Premios Fin do Grao Profesional. (Oscar Davila-Profesor de Música de Cámara).

Todos os da programación agás o seguinte: “Ler á primeira vista cun nivel que permita a montaxe fluída das obras” (debido a que gran parte do alumnado non estuda nunca as obras programadas e polo tanto non ten práctica e soltura na lectura de partituras corais que implica a lectura simultánea de música e texto). (Elvira Rodríguez. Profesora de Coro).

Disminución da porcentaxe de fracaso escolar ao longo do curso

Fluida comunicación con todas as familias

Realización de dúas audicións

Realización de traballo técnico, afinación e articulación

Compra de partituras para a materia (Noemí Concheiro. Profesora de Conxunto de Fruta).

Creo que aínda houbo un progresivo desenvolvemento e mellora tanto no resultado musical do conxunto, para chegar a un nivel máis alto das posibilidades reais, queda moito camiño que percorrer. A orquestra durante o curso traballou sobre dous programas que se presentaron no centro respectivamente nas audicións de febreiro e maio (J. Manuel Fernández. Profesor da Orquestra Junior).

Ofertar dentro das posibilidades da materia un ensino de calidade e atractivo que actúe como motivador extrínseco no alumnado.

Seleccionar un repertorio axeitado ao nivel do alumnado e aos obxectivos do curso adecuándonos na medida do posible aos seus intereses.

Prestar atención á diversidade das capacidades do alumnado e aos seus ritmos



de aprendizaxe.

Fomentar un bo clima de traballo e convivencia nas clases.

Facer partícipe e coñecedor ao alumnado do sistema de avaliación. (David Rodríguez. Profesor de Música de Cámara Percusión).

Formar una orquestra con posibilidade de acceder a repertorio sinfónico.

Fomentar no alumnado un interese pola materia de grupo.

Buscar estratexias para que o alumnado estude o repertorio.

Ser consciente da importancia que teñen as normas e regras que rexen a actividade musical de conxunto, e aceptar a responsabilidade que, como membro dun grupo, se contrae coa música e cos compañeiros/as.

Interpretar en público o repertorio traballado. (J. Carlos Díaz. Profesor da Orquestra Senior).

#### **-Obxectivos non acadados**

Só un estudante, Laura Gil Outeiral, debido a enfermidade, non podería rematar os obxectivos do curso, atopando só o 1º trimestre. (Oscar Rodríguez. Profesor de Música de Cámara)

Ningún, excepto o mencionado no punto anterior.

Neste aspecto debo destacar o solapamento dunha actividade extraescolar de orquestra coas miñas probas de final de curso, o que impediu a correcta avaliación dun alumno (alumno que cursa dobre especialidade). Debido á falta de información sobre a actividade ata o mesmo día (día tamén da proba), e posible ausencia da acción titorial correspondente. Debo sinalar que o alumno, igual que tódolos demais, tiña información de que lle tocaba a proba ese día (30 de maio) dende dous meses antes. (Elvira Rodríguez. Profesora de Coro).



Non estou satisfeito en xeral co estudo individual dos alumnos, algúns dos cales suspenderán a materia. (J. Manuel Fernández. Profesor da Orquestra Junior).

Presentar o repertorio traballado durante cada un dos trimestre nas audicións dentro do período estipulado pola dirección do centro. (David Rodríguez. Profesor de Música de Cámara Percusión).

Desenvolver o equilibrio psicológico necesario para integrarse de forma absoluta no conxunto e no traballo de equipo. (J. Carlos Díaz. Profesor da Orquestra Senior).

### **1.1.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro**

Boa organización (Felipe Agell. Profesor de Música de Cámara).

Boa organización e previsión no funcionamento xeral do curso académico. (Alejandro Alonso. Profesor de Música de Cámara e Conxunto de Clarinete)

O funcionamento xeral foi na gran maioría de aspectos positivos. Podemos destacar que en conxunto de gaitas algúns alumnos/as, por diversos motivos, non tiveron unha asistencia continua ás aulas, o cal repercutiu directamente na consecución de obxectivos finais. Nnn destes casos, o alumno sí conseguiu acadar os obxectivos plantexados mediante unha proba de perda de avaliación continua.

Por outro lado, destacar a maior presenza de alumnos/as de conxunto participantes nas audicións, con respecto ó curso pasado. Particularmente, os alumnos do grupo de 6º, tiveron incluso participación na actividade do concerto no Auditorio do Concello, ou no Concerto celebrado en Carnavais.

Cabe destacar, igualmente, que o agrupamento realizado neste curso académico, configurou agrupacións dun número bastante elevado de alumnos/as en cada un deles. Isto afectou directamente no desenrolo habitual das clases, xa que aínda que existen obxectivos susceptíbeis de abordar mediante este tipo de agrupamentos, xa sexa en canto ó repertorio requerido, ou ó tipo de actividades,



na maior parte de curso, tivemos que facer agrupacións máis pequenas dentro da clase, buscando utilizar espazos alternativos para un maior aproveitamento das sesións. (Iván Abal).

Audicións trimestrais durante dúas semanas.

Seguimento da programación

Actividades complementares e extraescolares. (Concerto no auditorio do Concello de Vigo).

Audicións trimestrais do alumnado no Auditorio.

Premios Fin do Grao Profesional. (Oscar Davila. Profesor de Música de Cámara).

Moi bo funcionamento na organización das audicións. (Susana Blanco. Profesora de Conxunto de Corda).

A boa dirección do centro. (Jesús Pardal. Profesor de Conxunto de Piano).

Organización das audicións coa posibilidade de manter os horarios de grupo numerosos. (Edita Shulman. Profesora de Conxunto de Corda).

Boa coordinación coa profesora do coro 2, facilidades nas necesidades específicas da materia dende o equipo directivo e a xefa de departamento. (María Alonso. Profesora de Coro).

O aula C9 é idónea para desenvolver as clases. Tivemos diñeiro para comprar material que se necesitaba para algún grupo como por exemplo clarinete-saxofón. (María Alonso. Profesora de Música de Cámara).

Programación das audicións. Facilidades nas necesidades específicas da materia tanto dende vicedirección como dende xefatura de estudos. (Elvira Rodríguez. Profesora de Coro).

A previsión organizativa de todo tipo de actividades con moito tempo de adianto

A celeridade da secretaria para proveer materiais para a aula como un repro-



ductor de cds e un reloxo

A coordinación por parte da xefatura de estudos e a vicedirección para proveer aulas extras para audicións, exames ou recuperación de clases .

O presuposto para adquisición de partituras (Noemí Concheiro. Profesora de Conxunto de Frauta).

A organización. (Ángel Montes. Profesor da Banda Junior).

A organización do calendario escolar e a actitude colaboradora de todo o centro, tanto dos alumnos, como dos pais, o claustro, etc. (Aurora Francés. Profesora de Conxunto de Vento Madeira).

O seguimento da programación. (Antonio Rodríguez. Profesor da Banda E).

Organización e planificación do curso académico. Bo ambiente de traballo en xeral. (David Rodríguez. Profesor de Música de Cámara Percusión).

Profesorado de apoio para impartir a clase de orquestra. (J. Carlos Díaz. Profesor da Orquestra Senior).

### **6.3.3 1.1.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro**

Instalación de máis cabinas de estudo (Felipe Agell. . Profesor de Música de Cámara).

Como propostas de mellora, aínda que algún dos grupos poida funcionar cun grupo máis numeroso, a procura de agrupacións máis pequenas proporciona un traballo máis efectivo á hora de conseguir os obxectivos da programación. (Iván Abal. Profesor de Conxunto de Gaita).

Máis concertos externos do alumnado para dar máis proxección e visibilidade do centro na cidade. (Susana Blanco. Profesora de Conxunto de Corda).

Unha aula de maior dimensións cun piano ou teclado con pedal. Ademais dunhas horas cun pianista acompañante. Unha hora semanal, faise xusta. (María Alonso. Profesora de Coro).



Mais material para algúns grupos. Na cabina 6 impartía M<sup>a</sup> de Cámara a dous grupos; para o trío non era a clase adecuada xa que non ten unha boa acústica, é moi pequena para dous alumnos de saxofón e un pianista que estaba limitado por un piano vertical. (María Alonso. Profesora de Música de Cámara).

Non me corresponde a min dicilo pero ó meu entender o centro funciona perfectamente.

O que si proporía é a necesidade de estudar as condicións da materia de coro, principalmente en tres aspectos:

Primeiramente na cuestión horaria (non sei si sería posible o aumento de media hora na materia para equiparalo á banda e á orquestra, pois no coro tamén se necesita un tempo de organización da aula e de preparación vocal equivalente ó tempo de preparación da sala e afinación dos instrumentos pro-pio da orquestra e a banda).

A segunda cuestión sería o tema do aula a utilizar para a clase. Son consciente de que o centro ten graves problemas de espazo e non existe un aula creada especificamente para a materia de coro. Pero sería interesante estudar a cuestión para intentar mellorar no que se poida as condicións actuais.

Unha terceira e última cuestión é a do agrupamento do alumnado nos dous coros, pois este ano se deu a circunstancia que no coro I (con maioría de alumnado preadolescente e adolescente) había un certo número de alumnos/as maiores de idade, e por outro lado no coro II pasaba exactamente o contrario. Sería unha cuestión interesante a mellorar, pola afinidade e como-didade do alumnado e pola elección do repertorio a traballar e o traballo de técnica vocal que é moi diferente segundo o rango de idade. (Elvira Rodríguez. Profesora de Coro).

Dotación de mais intrumental para a materia de conxunto/orquestra de frautas:

1 mellor pícolo.

1 frauta baixa.



Outra fruta en sol (Noemí Concheiro. Profesora de Conxunto de Fruta).

Conviría valorar a posibilidade de habilitar polo menos durante a primeira hora de ensaio unha aula grande a maiores e dispoñibilidade dun profesor de corda para ensaios seccionales. (J. Manuel Fernández. Profesor da Orquestra Junior).

Sería interesante que para o curso que ven os grupos de conxunto fosen organizados por niveles. (J. Luis López. Profesor de Conxunto de Saxofón).

Contar cunha dotación instrumental (especialmente pequena percusión) para cada unha das agrupacións.

Habilitar unha zona na Aula Magna onde deixar atrás e sillas para non interferir coas actividades do auditorio.

Mellorar o sistema de purificación de aire.

Ter unha dotación económica anual para a adquisición de novo repertorio.

Ter a posibilidade de realizar ensaios seccionais coa axuda de profesores de apoio (Ángel Montes. Profesor da Banda Junior).

Equipos de audio en boas condicións en todas as aulas para poder empregar recursos das novas tecnoloxías, papel pautado, lápiz, metrónomo e afinador en todas as aulas. (Aurora Francés. Profesora de Conxunto de Vento Madeira).

Crear unha Big Band con formación orixinal (4 trompetas, 3 trombóns, un trombón baixo, 2 saxos altos, 2 saxos tenores, un saxo barítono, guitarra, con-tra-baixo ou baixo eléctrico, piano ou teclados e unha batería).

Sempre que sexa posible, facer concertos nos auditorios dos outros conservatorios.

Material para as clases: piano, teclado Hammond SK1, pantalla e proxector de imaxes.

Abrir un espazo no hall cunha tarima e un teclado, para realizar audicións en calquera momento do curso. Un espazo aberto para calquera músico que quei-



ra demostrar os seus coñecementos e así poder experimentar o poder tocar diante dun público.

Comunicar aos alumnos e ás súas familias o correcto procedemento para o uso de imaxe, evitando desta forma que aparezan moitos alumnos nas listas por falta de información.

Recomendación para a compra de material de só e iluminación. (Figura en Anexo nº1 entregado á secretaria académica do Centro) (Antonio Rodríguez. Profesor da Banda E).

Adquisición de material de pequena percusión para unha maior riqueza de posibilidades de elección de repertorio (pandereta orquestral, castañolas de mango, güiro, etc.) (David Rodríguez. Profesor de Música de Cámara Percusión).

Dotación económica para comprar repertorio.

Dotar de algunha aula no horario de 18 ás 19 horas para poder facer clases con seccións da orquestra, sempre que sexa posible. (J. Carlos Díaz. Profesor da Orquestra Senior).

#### **1.1.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento**

Concerto de Nadal dos Coros na Igrexa San Antonio da Florida. 14 de Decembro de 2016.

Concerto de Entroido. Auditorio "David Russell". 23 de Febreiro de 2017.

Concerto no Auditorio do Concello de Vigo. 30 de Marzo de 2017.

Concerto no Vitrubia. 2 de Abril de 2017.

Concerto da "E. Jazz Band" o xoves 27 de abril do 2017 no Auditorio "David Russell" no Cmus Profesional de Vigo (O primeiro concerto retransmitido en directo por Live Streaming do Facebook do Cmus Profesional de Vigo).Semana das Letras Galegas. Maio de 2017.



Concerto da Orquestra Senior. Este concerto foi realizado como actividade complementaria extraescolar no CMUS Superior de Vigo, dentro das actividades do programa "Nas Ondas". 3 de maio de 2017

Concerto da Orquestra Junior en O Porriño. 31 de Maio de 2017.

Concerto da "E. Jazz Band" o xoves 4 de maio do 2016 na Sala de actos do Círculo Recreativo e Cultural de Porriño.

Gravación dun vídeo de felicitación do verán 2017:

Elvira Rodríguez. Profesora de Coro: Como actividades extraordinarias, o alumnado de coro II realizou dúas audicións ó longo do curso. Unha en nadal xunto cos demais coros do centro (incluído o coro "Miñoca Ma non Toppo") na igrexa de San Antonio da Florida, nesta ocasión e dado que o alumnado tivo que saír do centro, se solicitou o correspondente permiso ó consello escolar. E outra audición no mes de maio, audición realizada dentro do horario asignado para a materia (o coro II actuou de 19:30 a 20:00 horas).

Cabe destacar como actividade complementaria a asistencia á clase (a petición miña) dun especialista en linguas (concretamente un profesor sueco), para a comprensión e pronunciación dunha canción no mencionado idioma. Actividade que foi moi ben acollida polo alumnado.

Tamén me gustaría destacar unha proposta da vicedirección ó meu entender moi interesante que foi a de intentar unha xuntanza de coros co conservatorio de Ourense. Pola imposibilidade de coordinación horaria do alumnado finalmente non puido realizarse. Pero sería moi enriquecedor e motivante para o alumnado (e incluso para o profesorado) intentalo de novo a principios do próximo curso. Debo dicir que a profesora de Ourense tamén segue interesada.



## **6.4 Departamento de Corda**

### **6.4.1 Datos do alumnado**

#### **-Alumnado total do departamento**

152 alumnos

#### **-Alumnado por materia**

Violín: 87

Viola: 17

Violoncello: 28

Contrabaixo: 15

### **6.4.2 Obxectivos do profesorado para o curso**

#### **-Obxectivos acadados**

José Manuel Fernández (violín):

En xeral satisfeito co desenvolvemento dos alumnos. Fixéronse tres presentacións, unha cada trimestre, con resultados satisfactorios na maioría dos casos.

Marcos Escobar (violín):

Se acadaron os obxectivos do curso.

Natalia Pocienne (violín):

Por programación.

5 alumnos participaron nas audicións 2 veces

12 tocaron nas audicións 3 veces

4 alumnos tocaron 4 veces

2 alumnos tocaron nos recitais.



3 alumnas presentadas para “matrícula de honra” con nota de Violín 10.

Edita Shulman (violín):

Según a programación.

3 audiciones publicas coa participacion 100% dos alumnos en cada unha.

Eva González (violín):

Acadados en catorce alumnos que aprobaron.

Belén Ferreiro (viola):

Según a programación en seis alumnos.

Sara Franco (viola):

Os obxectivos xerais establecidos para o curso 2016/17 foron acadados por catro dos oito alumnos/as da miña materia, con notas destacables, entre o 7 e o 9.

Isabel Figueroa (cello):

Os reflectidos na programación.

Fernando Arenas (cello):

Os propostos na programación.

Susana Blanco (cello):

Acadáronse tódolos obxectivos propostos.

Oscar Rodríguez (contrabaixo):

Os alumnos de G.E e G.P tiveron un bo seguimento durante o curso en canto ao traballo realizado e un axeitado rendimento, completando en su totalidade o 100% da programación establecida salvo nalgúns casos (de 2 GE y 5 GP) cun 50%.

#### **-Obxectivos non acadados**

José Manuel Fernández (violín):



Non conseguín que o alumno de 6GP que concluía este curso o conservatorio preparase un pequeno recital para terminar, como adoito facer noutras ocasións.

O alumno estaba absorto dedicado aos estudos de bachalerato

Natalia Pocienne (violín):

1 alumna suspendida por falta de traballo personal.

Edita Shulman (violín):

Anulación da matrícula dunha alumna de 3º G.P. debido á imposibilidade de compaginar os estudos no Conservatorio con último curso de Instituto.

Abandono dos estudos dunha alumna de 4º G.E. xusto despois de Semana Santa.

Eva González (violín):

Obxetivos non acadados en tres alumnos suspensos.

Belén Ferreiro (viola):

Non se conseguiron os obxetivos en tres alumnos.

Sara Franco (viola):

Dos catro alumnos suspensos, dous non acadaron os obxetivos mínimos como consecuencia das faltas de asistencia e dun estudo esporádico e non continuado, con notas de 3 e 4; mentres que os outros dous, a pesar de asistir a clase con regularidade e estudar máis non chegaron a acadalos por completo.

Isabel Figueroa (cello):

Ningún.

Fernando Arenas (cello):

Alumnos suspensos en Xuño: Sofía Freire 3º GE, Noa Pita 2º GP y Alejandra Fernández 5º GP, que perdeu o dereito a avaliación continua por faltas de asistencia.



Susana Blanco (cello):

Non se observan.

Oscar Rodríguez (contrabaixo):

So dos alumnos, un de 2GE e un de 5GP, completaron un total de 50% da programación.

#### **6.4.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro**

Marcos Escobar (violín):

Todo funciona moi correctamente. Destacar o traballo de todo o equipo directivo.

Natalia Pocienne (violín):

Posibilidade de organizar as audicións y concertos fora de horario das semanas das audicións.

Fernando Arenas (cello):

Organización en xeral do centro, o sistema de audicións.

Susana Blanco (cello):

A mellora das comunicacións das faltas a través da app.

Oscar Rodríguez (contrabaixo):

Teño que salientar, a boa xestión do uso de información xeral.

#### **6.4.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro**

Marcos Escobar (violín):

O funcionameto da Orquestra debe mellorar, trato no igualitario entre os diferentes departamentos por parte dos profesores e moitas queixas dos alumnos e pais.

Falta máis tempo para audicións trimestrais.



Natalia Pocienne (violín):

Buscar a comprensión y respecto entre departamentos.

Edita Shulman (violín):

Buscar a posibilidade de organizar clase de violín colectivo de G. E. coa programación preestablecida.

Falta de práctica de grupo, finalmente, está prexudicando o desenvolvemento musical dos alumnos de instrumentos de cordas, comparando co vento, xa desde o principio da práctica instrumental, participando en actividades de grupo musicais.

Belen Ferreiro (viola):

Considero importante a implantación de clases colectivas no GE e de seccionais de orquestra no GP. O único xeito de mellorar o rendemento das seccións de viola nas orquestras e facer un traballo de grupo dende os primeiros anos, de xeito que aprendan a tocar xuntos e a escoitarse dende o inicio.

Sara Franco (viola):

Clases de instrumento colectivas en grao elemental e seccionais de corda na orquestra de grao profesional.

Fernando Arenas (cello):

O control de persoal non docente polo centro en horario lectivo, por el profesorado de garda.

Susana Blanco (cello):

Dispor da app para os dispositivos IOS.

Oscar Rodríguez (contrabaixo):



Propoño, aínda que de momento non me afectou, que se retome a semana de audicións do GE o se fusione con a de GP, xa que é difícil organizar estas audicións, sen prexudicar as clases en grupo.

#### 6.4.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

Marcos Escobar (violín):

Ningunha.

Belén Ferreiro (viola):

Audicións de viola:

4 de Novembro (Técnica)

16 de Decembro

3 de Febreiro (Técnica)

10 de Marzo

16 de Marzo

25 de Maio

1 de Xuño.

Isabel Figueroa (cello):

Audicións trimestrais- Recital fin de GP- Participación de alumnado no “Concerto en Familia” e no Concerto de Nadal.

Fernando Arenas (cello):

Realizáronse dúas audicións no 2º e 3º trimestre na especialidade de violoncello (profesor Fernando Arenas).

Oscar Rodríguez (contrabaixo):

No departamento e particularmente na especialidade do contrabaixo realizáronse un total de tres (3) audicións, dentro do plan de audicións do curso 2015-



16, un por trimestre. En xeral todo os alumnos/as de esta especialidade participaron nas audicións do conservatorio destacando entre outras a de portas abertas.



## 6.5 Departamento de Corda Pulsada

### 6.5.1 Datos do alumnado

#### -Alumnado total do departamento

43 alumnos

#### -Alumnado por materia

Guitarra : 43 alumnos

Conxunto: 13 alumnos

R.T.A.: 4 alumnos

### 6.5.2 Obxectivos do profesorado para o curso

O obxectivo principal do departamento para o curso é , como cada ano, ofertar un ensino de calidade ós nosos alumnos a través do seguimento da programación e das distintas accións levadas a cabo na aula. Ademais dos aspectos meramente técnicos que conduzan aos alumnos a desenvolver as destrezas necesarias para tocar un instrumento, queremos que aprendan tamén a importancia da constancia no seu traballo e adquiren hábitos de estudo diario como base imprescindible para a súa evolución no instrumento, así como reforzar a práctica de tocar en público facendo que se afronten esta situación o maior número de veces posible durante o curso. Esta práctica verase especialmente reforzada nos últimos cursos de grao profesional.

Seguimos a realizar as audicións na aula ó final de cada trimestre. Con estas audicións queremos que os alumnos reforcen a interpretación en público e que os profesores teñamos unha visión máis completa de todo o alumnado do departamento.

#### -Obxectivos acadados

Tendo en conta os resultados das cualificacións do departamento, podemos dicir



que o enfoque pedagóxico seguido durante este curso tivo uns resultados moi favorables.

No referente ás audicións de aula consideramos que cumpriron os obxectivos cos que foron concebidas. O feito de ter que tocar en tres audicións de aula e en tres audicións no auditorio foi reforzando a súa seguridade na interpretación cara ó público. En canto ó profesorado consideramos moi enriquecedor poder escoitar a todos os alumnos. Isto deunos unha visión máis global dos diferentes cursos e tamén a posibilidade de ter un diagnóstico da situación da guitarra no centro que nos permite ir facendo os cambios que consideremos oportunos para melloralala.

#### **-Obxectivos non acadados**

Tendo en conta o carácter xeral dos obxectivos que se trazan para os graos elemental e medio consideramos que estes se lograron dunha maneira aceptable.

### **6.5.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro**

### **6.5.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro**

### **6.5.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento**

Neste curso realizamos 5 audicións de alumnos, unha mixta de GE e GP, dúas de GE e dúas de GP dentro das semanas de audicións que trimestralmente se organizan no centro.

Realizamos tres audicións de aula, unha por trimestre, nas que participou todo o alumnado.

Os alumnos participaron tamén en varios dos concertos que organizou o equipo de actividades: Auditorio do Concello, Concerto de Entroido e concerto de Nadal.



## 6.6 Departamento de Linguaxe Musical

### 6.6.1 Datos do alumnado

#### -Alumnado total do departamento

425 alumnos (376 LM/EAV, 17 RTA, 16 It. Pedagogía, 10 Optativa Rock, 6 Piano complementario).

#### -Alumnado por materia

Linguaxe musical:

Pablo Abreu:

55 alumnos

Begoña Coello:

2º G.E. 8 alumnos

3º G.E. 22 alumnos, 1 ampliación e unha renuncia

4º G.E. 27 alumnos, unha renuncia e unha perda de avaliación continua

1º G.P. 15 alumnos, dúas ampliacións

Rosa Gayoso:

11 alumnos de 4º GE

Mónica Pérez:

14 alumnos de 1º GE

14 alumnos de 3º GE

4 alumnos de 4º GE + 2 oíntes

4 alumnos de 1º GP

12 alumnos de 2º GP



De xeito xeral, todos os grupos acadaron os obxectivos reflectidos na programación didáctica, agás os alumnos que non obtiveron a puntuación positiva:

1 alumno en 1º GE.

1 alumno en 3ºGE.

1 alumno en 4º GE.

2 alumnos en 2º GP.

Dicir que tres alumnos sufriron unha perda da avaliación continua, dos cales só un deles se presentou ao exame, acadando un resultado positivo.

Comentar que grazas a posta en funcionamento dos reforzos en linguaxe musical, observei un mellor rendemento nos meus alumnos de 3ºGE que asistiron a estas clases. De xeito xeral, todos acadaron mellores resultados.

Concretamente os meus alumnos de 3º GE que participaron no reforzo foron:

Carla Taboada García

Borja Carrera Graña

Adrián Beares San Marcial

Xiana Pérez García

Así mesmo, eu impartín clases de reforzo a estes alumnos:

Paloma Simini González e Sofía Freire Barbará ( 3ºGE).

Lucas Rodríguez Otero, Diego Rodríguez Otero, Alejandro García Vázquez (2ºGE)

Gloria Rodríguez:

24 de 1º GE

13 de 3º GE

13 de 4º GE



Elvira Rodríguez:

1º GP: 38 alumnos e alumnas repartidos en tres grupos (1ºA, 1ºB e 1ºC)

2º GP: 24 alumnos e alumnas repartidos en tres grupos (2ºA, 2ºB e 2ºC)

A suma total é de 62 alumnos e alumnas, dos que 3 deles non asistiron a clase durante todo o curso, por diferentes razóns non documentadas nin nalgúns casos xustificadas correctamente. Un alumno deixou de asistir a clase a principios de marzo e outro acumulou moitas faltas no terceiro trimestre, perdendo en ambos casos o dereito á avaliación continua. Polo que a suma de alumnos e alumnas nesta situación de perda de avaliación da un total de cinco. Non todas tramitadas co titor ou titora respectivos.

Ana Vaqueiro:

13 alumnos de 1º GE, dos que un renunciou á matrícula e dous fixeron ampliación.

27 alumnos de 2º GE, unha alumna con NEE

30 alumnos de 2º GP, dos que unha alumna deixou de asistir en Xaneiro e perdeu o dereito á avaliación continua.

Manuela Vereas:

8 alumnos de 4º de G.E.

1 alumno de N.E.E. de 2º de G.E. (1 hora semanal no 1º trimestre e dúas horas semanais nos 2º e 3º trimestres)

18 alumnos de 1º, 3º e 4º de G.E atendidos nos reforzos.

EAV:

Pablo Abreu:

55 alumnos

Begoña Coello:



2º G.E. 8 alumnos

3º G.E. 22 alumnos, 1 ampliación e unha renuncia

4º G.E. 27 alumnos, unha renuncia e unha perda de avaliación continua

Rosa Gayoso:

11 alumnos de 4º GE

Mónica Pérez:

14 alumnos de 1º GE

14 alumnos de 3º GE

4 alumnos de 4º GE + 2 oíntes

Gloria Rodríguez:

24 de 1º GE, dúas renunciacións

13 de 3º GE, tres renunciaron ou deixaron de asistir

13 de 4º GE

Ana Vaqueiro:

13 alumnos de 1º GE, dos que un renunciou á matrícula e dous fixeron ampliación.

27 alumnos de 2º GE

Manuela Vereá:

8 alumnos de 4º de G.E.

1 alumno de N.E.E. de 2º de G.E. (1 hora semanal no 1º trimestre e dúas horas semanais nos 2º e 3º trimestres)

R.T.A.:

Rosa Gayoso: 4 alumnos, tres deles na modalidade bilingüe



Gloria Rodríguez: 6 alumnas/os de RTA, 4 de 1º e 2 de 2º (4º e 5º de Grao Profesional).

Elvira Rodríguez: 5 alumnos e alumnas. Neste apartado cabe destacar que unha alumna cursaba simultaneamente o 5º curso (pendente) e o 6º. Acadando avaliación positiva so no 5º curso, e polo tanto leva pendente para setembro o 6º curso.

Manuela Vereá: 2 alumnas de 6º de G. P na modalidade bilingüe.

Itinerario Pedagogía:

Elvira Rodríguez: 16 alumnos e alumnas. Tres destes alumnos non asistiron a clase durante o curso por diferentes razóns (unha alumna estudando simultaneamente no estranxeiro e dous por incompatibilidade horaria coas súas clases universitarias), unha alumna abandonou o curso no nadal e outros dous deixaron de asistir a clase a partires de xaneiro por razón laboral e universitaria respectivamente. Todos estes alumnos e alumnas que non asistiron a clase se acolleron á proba de perda de avaliación excepto unha, e, salvo neste caso, todos acadaron a avaliación positiva.

Optativa Música Moderna (Rock):

Elvira Rodríguez: na materia, que iniciou a súa andaina no pasado curso 15-16, se matricularon 10 alumnos e alumnas. Acadando todos eles a avaliación positiva.

Piano complementario:

Ana Vaqueiro: 6 alumnos, dous deles na modalidade bilingüe

### **6.6.2 Obxectivos do profesorado para o curso**

Os recollidos nas diferentes programacións didácticas.



### **-Obxectivos acadados**

De xeito xeral, todos os grupos acadaron os obxectivos reflectidos na programación didáctica, agás os alumnos que non obtiveron a puntuación positiva.

Rosa: En Linguaxe Musical o nivel de cumprimento foi completo aínda que desigual, dado que os grupos estaban formados por alumnado de niveis moi disparres, tanto a nivel procedimental coma conceptual. En RTA en xeral deficitario, dada a falta de traballo do alumnado que comparte estudos musicais ben co bacharelato ou ben coa universidade. En RTA bilingüe, Dos catro alumnos de RTA, tres cursaron a modalidade bilingüe con moi bos resultados no tocante ó idioma, podendo levar a cabo as clases íntegramente en inglés con fluidez e naturalidade.

### **-Obxectivos non acadados**

Ningún.

### **6.6.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro**

Begoña: As medidas adoptadas co alumno de N.E.E.

Mónica: En primeiro lugar gustaríame destacar a boa acollida da iniciativa “Coñece o noso Conservatorio, coñece o teu Conservatorio”, un proxecto pioneiro no noso centro. Como persoa directamente implicada en amosar aos nenos participantes, futuros alumnos do Conservatorio, tanto as instalacións do centro educativo como as diferentes familias instrumentais, debo felicitar aos responsables desta iniciativa que considero moi positiva. Teño que agradecer a colaboración de todo o profesorado das diferentes especialidades instrumentais, que desinteresadamente se prestou a dar a coñecer as familias instrumentais aos participantes. En especial a Antonio Rodríguez Iborra, Belén Ferreiro Pérez e Aurora Francés Gómez, xa que a súa implicación no proxecto foi absoluta, sendo partícipes en todas as quendas con moito interese.



En segundo lugar, resaltar a apertura do centro una vez por trimestre na fin de semana. Permite ao alumnado contar con espazos para ensaiar.

En canto a posta en marcha dos reforzos de linguaxe musical durante este curso académico, valóroo positivamente. Supón unha axuda inestimable para todos aqueles alumnos que presentan alguna dificultade de aprendizaxe nalgún dos bloques de contidos e que lles impide avanzar na materia.

Finalmente, gustárame agradecer o apoio que recibín do equipo directivo dende o primeiro día que cheguei ao conservatorio, en especial ao xefe de estudos, Javi. Ao longo do curso escolar foi quen de solventar todas as miñas dúbidas acerca de cuestións organizativas ou propias da materia, sempre con cordialidade, cercanía e paciencia.

**Elvira:** programación das audicións. facilidades nas necesidades específicas das materias por parte do equipo directivo e a xefatura de departamento.

**Ana:** Persoalmente teño a sensación de que o centro funciona cada vez mellor e que calquera asunto que xurde é abordado e solucionado rápidamente. Valoro moi positivamente a rapidez de resposta do equipo directivo ante calquera problema puntual, solicitude de espazos ou de material,

Neste curso destacaría especialmente a excelente labor do equipo directivo na atención ó alumnado con NEE. En tódolos casos que tivemos buscáronse solucións inmediatas que ademáis resultaron moi acertadas á vista dos resultados.

**Manoli:** Agradecerlle á compañeira do departamento Rosa Gayoso, que me facilitase o material de traballo da materia R.T.A. para as dúas alumnas de 6º G.P. Asímesmo, agradecerlle á profesora Begoña Coello o tempo adicado a informarme dos contidos concretos que debía traballar co alumno de N.E.E de 2º de G.E. (T.E.A. Síndrome de Ásperger) e de facilitarme recursos doutros anos para preparar, unha vez rematado o curso, as probas de acceso a G.P. dos meus alumnos de 4º G.E.



Tamén á profesora Gloria Rodríguez por facilitarme recursos de lectura rítmica de reforzo para os alumnos de 4º de G.E.

E a Ana Vaqueiro, Xefa do Departamento por facilitarme e solucionar-me as dúbidas xurdidas ao longo do curso.

#### **6.6.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro**

Begoña: Propoño que se arranxen os problemas de funcionamento das fiestras das aulas.

Rosa: En Linguaxe musical quixera salientar a gran diferenza de nivel do alumnado neste curso no momento do inicio, que me leva a reflexionar sobre as diferenzas de criterio á hora de cualificar ós nosos alumnos e propoñer a revisión dos mínimos esixibles. Outro dato interesante foi a petición que me fixo o alumnado en repetidas ocasións de recibir a clase en inglés, o que me leva a plantexar a posibilidade de recuperar a oferta dun grupo bilingüe de linguaxe musical para vindeiros cursos.

Mónica: Considero que debería mellorar a función titorial, a comunicación dos titores co profesorado de linguaxe musical. Supoño que o obxectivo do seguimento do alumnado é dar a coñecer as dificultades na aprendizaxe dos diferentes alumnos, de xeito que os titores sexan partícipes desas dificultades e se poidan establecer as vías de comunicación pertinentes co profesorado de linguaxe musical. Pola experiencia vivida durante este ano, en xeral existiu a comunicación cos titores, aínda que debo dicir que nunha minoría de casos, foi completamente inexistente, dándose situacións de alumnos con dificultades notables na súa evolución académica, sen recibir resposta algunha por parte dos seus titores.

Elvira: Non me corresponde a min dicilo pero ó meu entender o centro funciona perfectamente.

O que si destacaría son varios aspectos que suporían unha mellora para o meu



traballo na aula, polo que dou por sentado que sería beneficioso para todo o profesorado que imparte as mesmas materias. Catro cuestións:

Primeiramente me gustaría comentar o tema do agrupamento do alumnado nos diferentes grupos de cada curso, neste curso tiveron un grupo de 15 alumnos e outro de 14 e por outro lado un grupo de tres alumnos (que realmente foron: unha alumna durante o primeiro trimestre e dúas durante o segundo gracias a unha incorporación de ampliación, o terceiro alumno nunca asistiu a clase). Debo dicir que o traballo funcionou mellor cos grupos de 15 e 14 que co de tres.

Debo falar por outro lado do problema eterno dos ruidos que ás veces fan imposible o traballo na clase, (enténdase por ruidos tanto literalmente -golpes acompañados e continuados no piano ou no chan, non podería precisalo con exactitude- como música, dado que o aula veciña é utilizada con bastante frecuencia como aula de cámara) sobre todo tendo en conta (e esta sería a terceira cuestión) que traballo cun piano eléctrico de moi baixa calidade cuxas posibilidades acústicas son moi limitadas.

Debo destacar un aspecto mais que por desgracia tamén é un comentario negativo. A pesares de que como xa apuntei máis arriba a organización das audicións me parece excelente, creo que de un tempo a esta parte se están a facer demasiadas excepcións a ese calendario. Non estou culpando a ninguén, simplemente me gustaría un pouco mais de rigor nese aspecto, pois así como os profesores de materias teóricas intentamos e facemos cábalas para non por trabas nos horarios de audicións, e nos preocupamos de indagar cando ten a súa audición cada un dos nosos numerosísimos alumnos, debería haber un pouco de reciprocidade por parte do resto do profesorado, e que estes tamén se preocuparan por saber cando as nosas probas teñen preferencia (é tan simple como ver o cadro de audicións e probas).

**Ana:** Como xefa de Departamento:

Gustaríame que se me comunique dalgún xeito cada incorporación dun novo



profesor ó departamento, como foi o caso de Serxio e Lorena neste curso. En ambos casos entereime cando xa levaban un par de días traballados no centro.

Xa se falou en reunión de Dpto. e tamén na CCP sobre a conveniencia de equilibrar a ratio dos grupos na medida do posible, sobre todo no grao elemental e evitar ter grupos sobrecargados á vez que outros con apenas 2 ou 3 alumnos. Ofrecínme a analizar a situación e posibles solucións co xefe de estudos no mes de Xullo, cando xa se teñan datos do nº de alumnos matriculados.

Considero que a obriga de presentar tódolos documentos en formato doc é pouco realista xa que na sala de profesores só hai un equipo co Office instalado. Moitas veces os documentos elabóranse co Libreoffice, que é o que está instalado na maioría dos equipos, e logo gárdanse como doc, producíndose erros e cambios no formato que non fan máis que entorpecer o traballo, especialmente o do xefe de estudos.

Penso que a devolución da memoria USB do Dpto. debería pospoñerse ata o claustro de fin de curso, alomenos no noso caso, xa que no mes de Xuño aínda temos por facer os exames de acceso a 1º GP e a entrega de exames de setembro a xefatura.

Sobre o coro de grao elemental propoño que a persoa que se faga cargo coñeza e acepte o proxecto que se presentou no seu día. Quero lembrar que aparte do beneficio que supón para o alumnado, un dos motivos que levou a solicitalo foi para facilitar a participación en actividades que implican a un número importante de alumnado do Dpto. como o Concerto de Nadal ou No bico un cantar, e sobre todo para a organización dos ensaios ó dispoñer dun espazo axeitado e un horario fixo.

Como docente: Considero que a acción titorial non se leva a cabo de forma rigurosa a pesares do traballo que pasan o xefe de estudos e xefes de departamento cada mes para elaborar o documento de seguimento do alumnado. Unha posible solución sería engadir ó documento unha casilla de verificación na que o profesor



da materia indique se o caso está falado co titor ou ben coa familia do alumno.

Penso que é moi importante que continúen a ofertarse os reforzos, xa que está comprobado que a evolución do alumnado que asiste na maioría dos casos é positiva.

Propoño que o horario de comenzo do ensaio da orquestra junior se retrase 10 ou 15 minutos. Este ano houbo moitos problemas co alumnado de 1º e 2º GP que tiña clase os mércores de 19 a 20 horas, xa que ó remate da clase de Linguaxe musical tiñan que recoller, baixar e montar o instrumento, e o profesor molestábase por retrasos dun par de minutos ou por chegar mentres pasaba lista. Este horario de Linguaxe musical dos mércores é o máis demandado no grao profesional e se non vai haber unha certa flexibilidade para o cambio de clase penso que é mellor para todos anticiparse ó problema.

Habería que buscar a maneira de concienciar ós titores do problema que supón para os profesores de Linguaxe musical de grao elemental o feito de que os alumnos falten a clase ou pretendan marchar no transcurso dela porque teñen audición de instrumento ou ensaio co pianista. Desgraciadamente en todos os casos que se deron este ano a excusa foi a mesma “é que non había outra posibilidade”.

Manoli: En xeral considero que non teño nada que obxectar en canto ao funcionamento do centro. Únicamente facer unha reseña acerca das clases de reforzo que me foron asignadas para completar o meu horario.

Gustaríame sinalar que nas franxas de media hora que tiña para atender a cada curso, pareceume que os alumnos que asistían obtiñan mellor aproveitamento e polo tanto, mellores resultados, cando compartían dita franxa con compañeiros que tiñan que reforzar unha parte concreta da materia (teoría, lectura, entoación ou audición). En xeral, os alumnos que chegaron a estes reforzos por indicación dos seus profesores, tiñan dificultades de aprendizaxe maioritariamente por falta de atención (inclusive algún con TDAH), e non se centran no seu traballo se non



se está pendiente deles. Tarefa difícil cando tes que atender outras dúbidas dos compañeiros que non teñen nada que ver co que éstos estan a realizar.

Propoño tamén que o profesor que considere envialos ás clases de reforzo envíen ao profesor que as imparte o tipo de exercicios que quere que realicen, pois ao proceder de diferentes profesores cada un leva o seu ritmo de traballo e ás veces é difícil de coordinar.

